



ACORDO DA XUNTA DE FACULTADE DO 6 DE MAIO DE 2004

**COLACION DO GRAO DE LICENCIATURA POLA FACULTADE DE  
FARMACIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Para a obtención do grao de Licenciado, os alumnos deben ter aprobadas tódalas materias da Licenciatura, podendo optar para a súa colación por unha das modalidades seguintes:

**1) MODALIDADE DE EXAME**

Consistirá nunha proba na que se valore o conxunto dos coñecementos que son impartidos na Licenciatura de Farmacia.

**1.1. Tribunais**

Composición.- Estará composto por tres membros, que deberán ser profesores da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela co grao de doutor e pertencentes a distintas Áreas de coñecemento.

Nomeamento.- O tribunal será nomeado polo decano a proposta da Xunta de Facultade para cada ano académico.

---

Actuación.- O tribunal actuará dúas veces ó ano, en datas inmediatamente posteriores ás convocatorias de febreiro e setembro.

**1.2. Exercicio**

Estructura do exercicio e temario.- A proba consistirá nun exame realizado sobre un test multirresposta elaborado a partir dun banco de preguntas subministradas por tódolos Departamentos da Facultade e de tal xeito seleccionadas que nelas se xulgue o grao de coñecementos das materias troncais e obrigatorias adquiridos polo alumno ó longo da súa licenciatura.

Procedemento de cualificación.- A cualificación da proba puntuarase de xeito proporcional ó número de respostas válidas obtidas no test, consonte ás seguintes cualificacións: aprobado, notable e sobresaliente.

Se a xuízo do tribunal o alumno non acadara o nivel suficiente, procederá á devolución do expediente á unidade de xestión correspondente.



## 2) MODALIDADE DE TRABALLO DE INVESTIGACIÓN (MEMORIA DE LICENCIATURA OU TESIÑA)

Estará constituída por unha Memoria redactada sobre un traballo de investigación realizado polo alumno.

### 2.1. Solicitude

A solicitude para a realización da tesina realizarase mediante instancia dirixida ao ilustrísimo señor Decano, coa aceptación do Director do traballo, non podendo realizarse a presentación da mesma antes de que teñan transcorrido tres meses dende a súa solicitude.

Poderán solicitar a realización da tesina os licenciados en Farmacia e os alumnos ós que o número de créditos troncais que lles resten para finalizar os seus estudos sexa igual ou inferior ó 20% de créditos totais da Licenciatura.

O alumno, unha vez matriculado, depositará na Secretaria da Facultade catro exemplares provistos da autorización de presentación do Director do traballo, con un mínimo de antelación de dez días hábiles con respecto á data da súa lectura.

### 2.2. Director do traballo

Para ser director do traballo de investigación requirirase estar en posesión do título de doutor e pertencer a un dos corpos docentes universitarios ou te-la condición de profesor universitario contratado.

Asemade, poderán ser directores dos traballos de investigación os doutores que, sen tela condición de profesor universitario, sexan autorizados polo departamento á vista do proxecto de traballo de investigación. Neste suposto o trámite de lectura do traballo de investigación deberá ser aprobado previamente polo consello de departamento á vista do traballo elaborado.

Os traballos de investigación poderán contar con codirectores, que deberán reuni-los mesmos requisitos esixidos para os directores.

### 2.3. Tribunais

Composición.- Estará compostos por tres membros, profesores da Universidade de Santiago de Compostela.

Tódolos membros do tribunal deberán telo grao de doutor.

Os profesores deberán pertencer a departamentos e a áreas de coñecemento vinculados coa titulación que convoca o grao, sen que poidan pertencer á mesma área máis de dous



membros.

Nomeamento.- Para cada ano académico, os tribunais serán nomeados polo decano da Facultade, a proposta do departamento respectivo tralo requirimento do Decano e trala aprobación da Xunta de Facultade; comunicarase o nomeamento do tribunal á Unidade de Xestión Académica correspondente.

Actuación.- O Decano, a proposta do presidente do tribunal, fará pública a data, hora e lugar da proba, que se realizará sempre en período lectivo, e o fará público con alomenos 5 días de antelación.

#### **2.4. Proba**

Estructura da proba.- Cada alumno disporá dun tempo máximo de vinte minutos, durante os que exporá oralmente ante o Tribunal o traballo de investigación realizado. O Tribunal poderá solicitar tódalas aclaracións que considere oportunas.

Procedemento de cualificación.- A cualificación da proba puntuarase consonte ás seguintes cualificacións: aprobado, notable e sobresaliente.

Se a xuízo do tribunal o traballo non acadara o nivel suficiente, procederá á devolución do traballo e do expediente á unidade de xestión correspondente.